

Mary Norton  
A bruxa novata

**ESTE LIBRO**

---

regaláronllo a .....

gañouno .....

mercouno .....

atopouno .....



# Ο ΡΟΜΟ ΜΑΧΙΟ



*Para Robin e Chick*



## Como a coñeceron

Había unha vez tres nenos que se chamaban Carey, Charles e Paul. Carey tiña máis ou menos a túa idade, Charles era un pouco máis pequeno e Paul só tiña seis anos.

Un ano mandáronos a pasar o verán cunha tía en Bedfordshire. Era unha tía vella que vivía nunha casa vella e cadrada, no medio dun xardín no que non medraban flores. Había céspede, arbustos e cedros, pero non flores, o cal lle daba ó xardín un aspecto grave e triste.

Os nenos sentíanse cohibidos por aquela casa, co seu enorme vestíbulo e as súas anchas escaleiras; sentíanse cohibidos por Elizabeth –a severa e vella doncela–, e tamén se sentían cohibidos pola súa tía, pois tiña uns ollos de cor azul clara con contornos rosados e non sorría moito. Pero adoraban o xardín, o regato que o atravesaba e a campiña que o rodeaba, coas súas sebes enmarañadas e as súas doces praderías.

Pasaban todo o día fóra.

Xogaban nos celeiros, xogaban xunto ó regato, xogaban nos carreiros e nos outeiros. Chegaban puntuais á hora da comida, porque estaban de visita e, no fondo, eran nenos bos. Os días sucedíanse un tras outro, e todos eran iguais... ata que a señorita Price se mancou no tornecelo. E aí é onde comeza a historia.

Todos coñecedes a alguén parecido á señorita Price. Vestía abrigos e saias de cor gris e levaba arredor do pescozo longo e delgado un pano de seda con estampado de caxemira. Tiña o nariz moi de punta, e as mans moi limpas e rosadas. Ía nunha bicicleta moi alta cunha cesta na parte dianteira, visitaba persoas enfermas e daba clase de piano. Vivía nunha pulcra casa situada nun carreiro ó fondo do xardín, e os nenos coñecían de vista e sempre lle daban os bos días. En toda a vila non había outra muller tan distinguida coma a señorita Price.

Un día, os nenos decidiron ir coller cogomelos antes de almorzar. Levántanse case antes de que a noite abandonase a casa durmida e cruzaron o vestíbulo na punta dos pés, só cos calcetíns. Cando saíron, o xardín estaba moi tranquilo e cuberto de orballo, e, ó camiñaren, os seus zapatos deixaban manchas negras na herba anacarada. Falaban en voz moi baixa porque parecía coma se o mundo, agás os paxaros, aínda estivese durmindo.

De súpeto, Paul quedou parado, mirando en fite a pendente do céspede que descendía cara á escuridade dos cedros.

—Que é iso?

Todos se detiveron e fitaron.

—Moveuse —dixo Paul—. Veña, vamos ver.

Carey, coas súas longas pernas, adiantouse.

—É unha persoa —berrou cara a eles, e entón afrouxou o paso. Agardou ata que a alcanzaron—. É... —dixo coa voz sufocada pola sorpresa—. É a señorita Price!

E en efecto era ela, sentada no chan mollado, ó pé dun cedro. Tiña o abrigo e a saia grises esgazados e engurrados, e o pelo caíalle en guechos.

—Ai, pobre señorita Price! —exclamou Carey, correndo onda ela—. Que pasou? Manceuse?



A señorita Price volveuse con ollos asustados, e despois apartou a mirada.

–O tornecelo –murmurou.

Carey axeonllouse na herba enchoupada. O tornecelo da señorita Price tiña certamente unha forma moi rara.

–Ai, pobre señorita Price! –volveu exclamar Carey, e asomáronlle as bágoas ós ollos–. Ten que doer moitísimo.

–Pois si –dixo a señorita Price.

–Vai correndo á casa, Charles –ordenou Carey–, e dilles que chamen o médico.

Entón unha expresión estraña ocupou o rostro da señorita Price e estartelou os ollos coma se tivese medo.

–Non, non –balbuciu, asindo a Carey do brazo–. Non, iso non. Só axudádeme a chegar á casa.

Os nenos mirárona, pero non se sorprenderon. Nin sequera se lles ocorrera preguntarse que podía estar facendo a señorita Price tan cedo no xardín da súa tía.

–Axudádeme a chegar á casa –repetiu a señorita Price–. Podo apoiar un brazo no teu ombreiro... –dixo, mirando a Carey– e o outro no del. Así quizais poida ir dando saltos.

Paul observou moi serio como Carey e Charles se inclinaban cara á señorita Price. Entón suspirou.

–Eu levo isto –dixo, servizal, recollendo unha vasoira de xardín.

–Non a necesitamos para nada –díxolle Carey, bruscamente–. Pona contra a árbore.

–Pero é da señorita Price.

–Como que é da señorita Price? É a vasoira do xardín.

Paul mostrouse indignado.

–Non é nosa. É dela. É de onde caeu. É a vasoira na que monta.

Carey e Charles incorporáronse, coa cara colorada por estaren agachados, e quedaron mirando para Paul.

–A vasoira na que monta?

–Si, verdade, señorita Price?

A señorita Price púxose máis pálida ca nunca. Foi mirando os nenos dun en un. Abriu a boca e volveuna pechar, coma se non puidese articular palabra.

–Dáselle bastante ben, verdade, señorita Price? –continuou Paul, animándoa–. Ó principio non.

Entón a señorita Price botouse a chorar. Sacou o pano da man e cubriu o rostro con el.

–Ai, pobre de min! –dixo–. Ai, pobre de min! Supoño que agora o sabe todo o mundo.

Carey rodeoulle o pescozo cos brazos. Era o que se facía cando alguén choraba.

–Non se preocupe, señorita Price. Ninguén o sabe. Ninguén sabe absolutamente nada. Paul nin sequera nolo contou a nós. Non se preocupe o máis mínimo. A min paréceme que é xenial montar nunha vasoira.

–É moi difícil –dixo a señorita Price, e asoou o nariz.

Axudárona a poñerse en pé. Carey sentíase desconcertada e moi emocionada, pero preferiu non facer máis preguntas. Lenta e dolorosamente cruzaron o xardín e percorreron o carreiro que levaba á casa da señorita Price. O sol nacente escintilaba entre as sebes e dáballe ó po da estrada unha pálida cor dourada. Carey e Charles avanzaban con moito coidado, e a señorita Price balanceábase entre eles coma se fose un enorme paxaro gris cunha á rota.

Paul ía detrás... coa vasoira.